

ACORDO do 8 de agosto de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto SET colectora Nova 132/220 kV e LAT 220 kV SET colectora Nova-SET Santiago de Compostela, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña) (expediente IN408A 2020/166), DOG Núm. 158, de 22 de agosto de 2022. **Prazo para remitir alegacións: 23/08/2022 - 03/10/2022**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220822/AnuncioV0653-090822-0006_gl.html

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
SET colectora Nova 132/220 kV e LAT 220 kV SET colectora Nova-SET Santiago de Compostela	Villar Mir Energía, S.L.U. (CIF: B85253888)	Santiago de Compostela (A Coruña)	<p>Obxecto do proxecto:</p> <p>Evacuar a enerxía eléctrica xerada nos parques eólicos (PPEE):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Parque eólico (PE) A Picota (42 MW, expediente IN408A 2018/12) e PE A Picota II (21 MW, expediente IN408A 2020/114), os cales verten a súa enexía na subestación eléctrica de transformación (SET) do PE A Picota. Ambos os PPEE son promovidos polo grupo Villar Mir e están actualmente en tramitación. • PE Castro Valente (18 MW, expediente IN408A 2020/66, actualmente en tramitación e promovido por Iberdrola Renovables Galicia, S.A.). • PE Monte Xesteiras (33 MW, expediente IN661A 2010/5-4, actualmente en tramitación e promovido por Norvento S.L.). • PE Huracán (56 MW, expediente PEol-349, actualmente en tramitación e promovido por Greenalia Wind Power Huracán S.L.). <p>Con este fin se deseñan a SET colectora Nova 220/132-66 kV e a súa liña de interconexión coa rede de transporte. O punto de conexión coa dita rede de transporte prodúcese na SET Santiago de Compostela, actualmente en servizo e propiedade de Red Eléctrica de España (REE).</p> <ul style="list-style-type: none"> • A nova SET colectora Nova 220/132-66 kV estará composta polos seguintes elementos: <ul style="list-style-type: none"> – Unha (1) posición de liña subterránea de 220 kV, de tecnoloxía HIS, para interconexión coa rede de transporte.

			<ul style="list-style-type: none">– Unha (1) posición de liña subterránea de 220 kV, de tecnoloxía HIS, para recepción da liña proveniente da SET A Picota.– Dous (2) módulos de barras de 220 kV, un deles con medida de tensión.– Unha (1) posición de transformador de 220/66 kV, con tecnoloxía HIS, para conexión dos parques con evacuación a 66 kV (PE Castro Valente e PE Monte Xesteiras).– Dous (2) módulos de barras de 66 kV, un deles con medida de tensión.– Dúas (2) posicións de liña subterránea de 66 kV, de tecnoloxía HIS, para recepción da liña de dobre circuíto prevista para as instalacións dos PPEE Castro Valente y Monte Xesteiras.– Unha (1) posición de liña-transformador de 220/132 kV, con tecnoloxía HIS, para conexión do parque con evacuación a 132 kV (PE Huracán).– Un (1) transformador de potencia 220/66 kV de 60/80 MVA (ONAN/ONAF).– Un (1) transformador de potencia 220/132 kV de 45/60 MVA (ONAN/ONAF).– Un (1) transformador de servizos auxiliares 30/0,4 kV de 100 kVA.– A subestación ocupará unha superficie aproximada de 50×75 m², en que se situarán o parque de intemperie, o edificio de control, os viais e as zonas de acceso e estacionamento, así como o espazo libre suficiente para posibilitar a ampliación da subestación. O edificio de control terá unhas dimensións en planta de 9,6×3 m e disporá dun único nivel.• A liña de interconexión que enlaza a nova SET colectora Nova coa rede de transporte consiste nunha liña subterránea de alta tensión (LSAT) a 220 kV. Ten orixe na SET colectora Nova e fin na SET de transporte Santiago de Compostela 220 kV (propiedade de REE). Constará dun tendido de 350 m en simple circuíto e condutor tipo Exzhellent RHZ1-RA+2OL (AS) 127/220 1×2000 Al2 H250.• Ademais, na gabiá da liña de interconexión disporase de dous cables de fibra óptica para a transmisión de datos, co fin de establecer a comunicación entre as dúas subestacións (Santiago de Compostela 220 kV e colectora Nova).
--	--	--	---

Documentación que se expón:

1. Proxecto de execución (decembro 2021-visado o 16 de decembro de 2021).

1.1. Plano xeral do proxecto.

1.2. Relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figura no anexo que se achega neste acordo.

1.3. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto.

2. Proxecto de interese autonómico (PIA) (decembro 2021-visado o 16 de decembro de 2021).